

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE URBANO NA CIDADE DA CORUÑA E PARA AS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA E DE FERROL. CURSO 2021-22

A Universidade da Coruña (UDC) convoca as presentes axudas ao transporte dirixidas a facilitar o estudo ao alumnado desta universidade de acordo co artigo 45 da Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro de universidades así como co artigo 63 dos Estatutos da UDC.

OBXECTO E PERSOAS BENEFICIARIAS

A Universidade da Coruña (UDC) convoca **2570 axudas para o transporte** urbano na cidade da Coruña e para o transporte metropolitano destinadas ao alumnado matriculado no curso 2021-22 dun mínimo de 30 créditos nunha titulación oficial de grao/máster ou a tempo completo, no caso de alumnado de doutoramento, e cumpra os requisitos esixidos nesta convocatoria.

Non se poderá beneficiar desta axuda o alumnado que no curso 2021-22 estea realizando unha mobilidade nacional (SICUE) ou internacional (ERASMUS e asimilables), nin aquel alumnado que estea en plans de estudos sen dereito a docencia.

O estudantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a condición de residente, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

BLOQUE 1

Ter formalizada a matrícula no curso 2021-22 nun mínimo de 30 créditos, ou dos que lle resten para finalizar as titulacións de grao ou máster, ou a tempo completo para o alumnado de doutoramento; manter a matrícula durante todo o curso; estar ao corrente do pagamento dos prezos públicos, e **cumprir un dos seguintes requisitos**:

1. Ser beneficiario/a dunha bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) no curso 2020-21, en estudos postobrigatorios: bacharelato, ciclo formativo de grao superior (CFGS); proba para maiores de 25 anos e universitarios
2. Ter concedida unha axuda do plan propio da UDC, para alumnado en situación de dificultades económicas, no curso 2020-21
3. Ter gozado dunha axuda do plan propio da UDC, do Programa Supera Covid (préstamo de material informático para o desenvolvemento da docencia e avaliación), no curso 2020-21
4. Ter concedida unha bolsa do plan propio da UDC Santander-Progreso, no curso 2020-21
5. Ter concedida unha bolsa do plan propio da UDC Santander-Tecnoloxía-Conecta, no curso 2020-21
6. Ter percibido o Ingreso Mínimo Vital no curso 2020-21

7. Alumnado con discapacidade legalmente cualificada de grao igual o superior ao 33%, xustificada na matrícula do curso 2021-22
8. Alumnado que acredite legalmente a condición de vítima de violencia de xénero, xustificada na matrícula do curso 2021-22
9. Alumnado que acredite legalmente a condición de vítima de terrorismo, xustificada na matrícula do curso 2021-22
10. Alumnado deportista de alto nivel da UDC - DANUDC (2% das prazas)
11. Alumnado matriculado no Programa Espazo Compartido, curso 2021-22

Para os casos do 1 ao 10, as solicitudes serán priorizadas e adxudicadas pola nota media máis alta do expediente académico aproximada con catro decimais, segundo os seguintes criterios:

Criterios de adxudicación

1. No caso do estudantado que accedese por primeira vez aos estudos universitarios, considerarase a súa nota de acceso á universidade.

2. Para o resto de alumnado, terase en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15/09/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 188, do 30/09/2011) ao remate do curso 2020-2021

Aplicaranse os seguintes coeficientes correctores: 1,17 cando a rama da titulación sexa enxeñaría e arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación sexa ciencias e 1,05 se a rama é ciencias da saúde.

Para o alumnado de 1º de máster e doutoramento, aplicaranse estes coeficientes correctores á titulación que lles deu acceso aos estudos actuais.

3. No caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios: menor número de suspensos; se o empate persiste, maior número de matrículas de honra; e se o empate aínda persiste, maior número de sobresaíntes.

Para o suposto núm. 11, pola especias características deste programa e, como axuda para a completa integración deste colectivo na comunidade universitaria, a adxudicación será directa previa solicitude.

BLOQUE 2

O resto de alumnado que non cumpra ningún dos requisitos establecidos no BLOQUE 1, poderá solicitar a axuda ao transporte.

Estas solicitudes optarán ás axudas que non sexan concedidas ao alumnado do BLOQUE 1.

Criterios de adxudicación

Serán valoradas e priorizadas en función da renda persoal dispoñible das persoas solicitantes, de menor a maior contía, segundo os criterios económicos e patrimoniais regulados na seguinte normativa:

- Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas (BOE do 17 de xaneiro)

- Real decreto 471/2021 de 29 de xuño, polo que se establecen os límites da renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2021-22, e se modifica parcialmente o Real decreto 1721/2007 (BOE núm. 199 do 22 de xullo)
- Resolución da Secretaría de Estado de Educación, do 28/07/2021, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2021-22 para estudantes que cursen estudos postobrigatorios (BOE núm.183 do 2 de agosto).

No caso de empate concederáselle unha axuda ao transporte á persoa solicitante coa nota media máis alta no expediente académico ou nas probas de acceso á universidade, no caso do alumnado que inicie estudos de grao, segundo o sinalado para as persoas solicitantes do BLOQUE 1.

MODALIDES E CONDICIÓNS PARA BENEFICIARSE DAS AXUDAS

O alumnado debe solicitar a tarxeta que lle corresponda segundo a súa residencia durante o curso académico 2021-22. Debe xustificala co empadramento e, de ser o caso, co contrato de arrendamento da vivenda durante o curso.

Se solicitase outra tarxeta, debe estar xustificado documentalmente.

O número máximo de cursos que un alumno/a se pode beneficiar da axuda ao transporte será como segue:

Para os estudos das ramas de enxeñaría e arquitectura: dous cursos máis dos establecidos no plan de estudos

Para o resto dos estudos: un curso máis dos establecidos no plan de estudos.

As modalidades de axudas serán tres:

1. Destinada ao transporte urbano da cidade da Coruña
2. Destinada á liña de transporte A Coruña-Ferrol-A Coruña
3. Destinada ao transporte metropolitano da ATM da Coruña, da ATM de Ferrol e doutras áreas

Modalidade 1. Transporte urbano da cidade da Coruña: Tarxeta Millenium

Para poder beneficiarse destas axudas, será requisito inescusable estar en posesión da:

- *Tarxeta Millenium*

A obtención da dita tarxeta, tramítase nas oficinas municipais da Estación de Autobuses da Coruña

O alumnado beneficiario terá un prazo de dous meses para activala desde a resolución definitiva da convocatoria. No caso de non o facer así perderá o dereito á axuda.

A *tarxeta Millenium* poderá ser utilizada no curso seguinte por aquel alumnado que non esgotara a totalidade das viaxes subvencionadas, e continúe estudos na UDC, ata esgotar as viaxes ou ata o 30/11/2022.

Modalidade 2. Transporte A Coruña – Ferrol – A Coruña

Para poder beneficiarse destas axudas, será requisito inescusable estar en posesión da:

- *Tarxeta do Transporte Metropolitano de Galicia TMG*, para o alumnado maior de 21 anos.

Os menores de 21 anos, teñen á súa disposición a *tarxeta XENTE NOVA*, que lles ofrece viaxes gratuítas.

Será requisito que o alumnado resida na cidade da Coruña, utilice a liña de autobús A Coruña – Ferrol – A Coruña, e que estea matriculado nunha titulación que se imparta no Campus de Ferrol.

O alumnado desta modalidade debe xustificar a súa residencia na cidade da Coruña, co empadramento ou contrato de aluguer, e que está matriculado nunha titulación do Campus de Ferrol.

Modalidade 3. Transporte metropolitano da ATM da Coruña, ATM de Ferrol e doutras áreas

Para poder beneficiarse destas axudas, será requisito inescusable estar en posesión da:

- *Tarxeta do Transporte Metropolitano de Galicia TMG para alumnado maior de 21 anos.*

Os menores de 21 anos, teñen á súa disposición a *tarxeta XENTE NOVA*, que lles ofrece viaxes gratuítas.

a) Para o alumnado da UDC que curse estudos na Coruña, bonificaránselle os desprazamentos que realicen entre calquera concello da Área de Transporte Metropolitano (ATM) da Coruña e os concellos da Coruña e de Oleiros en que se localizan as dependencias universitarias.

A relación de concellos que integran a ATM da Coruña aparece recollida na seguinte ligazón: <http://tmg.xunta.gal/area-da-coruna>

b) Para o de alumnado da UDC que cursa os estudos en Ferrol, bonificaránselle os desprazamentos que realicen entre calquera concello da ATM de Ferrol e o Concello de Ferrol en que se localizan as dependencias universitarias.

A relación de concellos que integran a ATM de Ferrol aparece recollida na seguinte ligazón: <http://tmg.xunta.gal/area-de-ferrol>

c) Para o alumnado da UDC que curse os estudos en calquera dos centros universitarios da Coruña, Ferrol e Oleiros, e que se desprace a eles dende calquera concello galego de fóra das áreas ATM A Coruña ou ATM Ferrol.

O alumnado que curse estudos na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e resida no Concello da Coruña terá que posuír a TMG para poder beneficiarse da axuda. A *tarxeta Millenium* non dá dereito a esta bonificación.

A TMG débese adquirir ao prezo unitario establecido nas oficinas da entidade bancaria colaboradora no Plan de transporte metropolitano de Galicia na seguinte ligazón:

<https://tmg.xunta.gal/tarxeta-metropolitana-introduccion>

O aboamento das axudas farase efectivo a través das dita tarxeta no momento en que realicen a recarga da tarxeta a finais do mes seguinte a aquel en que comece a aplicarse as axudas. As persoas beneficiarias dispoñen dun prazo de dous meses, desde a resolución definitiva da convocatoria, para efectuar a recarga da axuda. No caso de non o facer así perderán o dereito á axuda.

As persoas beneficiarias das axudas poden consultar o estado das súas recargas na seguinte ligazón: <http://tmg.xunta.gal/consulta-tarxeta>

CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo da **subvención será de 114€ en viaxes**, de acordo cos criterios de adxudicación desta convocatoria.

- Modalidade 1: No caso da **tarxeta urbana da Coruña Millenium**:
300 viaxes a un prezo de 0,30€/viaxe
- Modalidade 2: No caso do **Transporte A Coruña – Ferrol – A Coruña**, o importe máximo da subvención segundo o establecido no seguinte cadro:

PREZO DA VIAXE CON TMG	PORCENTAXE DE BONIFICACION	CONTÍA BONIFICADA	PREZO DA VIAXE CON BONIFICACIÓN
4,05€	35%	1,41€	2,64€

- Modalidade 3: Nos apartados a) e b), o importe bonificado será segundo se indica a continuación co límite de importe máximo de subvención, dependendo do número de saltos:

SALTOS	PREZO TMG	% BONIFICACIÓN	CONTÍA BONIFICADA	PREZO CON BONIFICACIÓN
0 ou 1	0,88 €	50 %	0,44 €	0,44 €
2	1,34 €	40 %	0,53 €	0,81 €
3	1,90 €	35 %	0,66 €	1,24 €
4	2,31 €	35 %	0,80 €	1,51 €
5	3,22 €	35 %	1,12 €	2,10 €
6	3,78€	35 %	1,32 €	2,46 €

Para o apartado c) desta modalidade, a subvención consistirá nunha bonificación de 1,41 € por viaxe.

INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas de transporte son incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda de institucións públicas ou privadas destinadas ao mesmo fin.

FINANCIAMENTO

O financiamento destas axudas, polo importe de 292 980 €, farase con cargo á partida orzamentaria 0300030026 422D 48001 "AXUDAS BONO-BUS" da UDC.

Concederánselles 2570 axudas ás persoas solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria. O número de axudas poderá ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O proceso será exclusivamente telemático.

As solicitudes deberán presentarse a través da aplicación informática á que se accede desde a seguinte ligazón:

http://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/axudas-ao-transporte

Durante o prazo de solicitude, as persoas solicitantes deberán subir obrigatoriamente a documentación relacionada no Anexo II desta convocatoria.

Unha vez que cumprimenten a solicitude, deben imprimila e asinala orixinalmente.

Bloque 1: polo/a alumno/a solicitante

Bloque 2: polo/a alumno/a solicitante e polos demais membros computables da familia maiores de 14 anos.

A continuación teñen que a escanear e enviala a través da aplicación informática indicada no parágrafo primeiro.

De non seguir estes pasos, a solicitude desestimarase e non optará á axuda ao transporte.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

Secretaria: María Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas

Vogais:

Gisela Lourido Alonso, xefa do Servizo de Estudantes

José Luis Añón Teijido, xefe da Sección de Acceso e Información

Rosa Rodríguez Díaz, xefa do Negociado de Bolsas

María Bañón Goiriz, representante do alumnado

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes será **dende o día seguinte da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC ata as 14h do venres venres 5 de novembro.**

RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

Unha vez que remate o proceso de avaliación das solicitudes publicarase a relación provisional das solicitudes concedidas e denegadas, xunto coa causa que implica a súa denegación.

As persoas interesadas disporán dun prazo de sete días hábiles para presentar alegacións e achegar a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren.

Posteriormente publicaranse as relacións definitivas das solicitudes concedidas, denegadas e a listaxe de agarda se a houber.

Todas as listaxes serán publicadas no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC. Esta publicación, así como os sucesivos actos de procedemento de concesión cuxa publicación se determina nesta convocatoria, cumprirán cos efectos previstos nos artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos-RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude dunha axuda ao transporte, ao abeiro desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD que se lexitima nalguna de las bases previstas no artigo 6 do RXPD, coa finalidade da xestión correcta das axudas. Todas as persoas que estean en

contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza, 9, 15001, A Coruña, ou no correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou os rexistros presenciais da UDC

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Asinado dixitalmente no lugar e data que se indica

O reitor,

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO I

Para as persoas solicitantes da axuda ao transporte do BLOQUE 2

AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA

A presentación de solicitude de axuda ao transporte coa sinatura do solicitante e demais membros computables da familia implicará a autorización á UDC para obter a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda e o patrimonio familiar dos membros computables da familia do/a solicitante para os efectos desta convocatoria, así como aquela outra información acreditativa das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración pública. Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas orixinalmente por todos os membros computables da familia.

No caso de que a solicitude de axuda para transporte sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares en que as administracións tributarias non dispoñan de datos, será o/a propio/a solicitante quen debe achegar información fidedigna sobre a situación económica e renda da súa unidade familiar.

Do mesmo xeito, se existen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das administracións tributarias, requiriráselle ao/á solicitante a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto da renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR (*artigo 9 do Real Decreto 471/2021 de 29 de xuño*)

Para os efectos desta convocatoria a renda familiar calcularase como segue:

1. A renda familiar obtense pola agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas estatal. Para os efectos desta convocatoria computarase o exercicio 2020

2. Para a determinación da renda dos membros computables que presentaran declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do seguinte modo:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2016 a 2019 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2016 a 2019 a integrar na base imponible do aforro.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3. Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentaran declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, seguirase o procedemento descrito no parágrafo a) anterior e do resultado obtido restaranse os pagos a conta efectuados.

Deducións da renda familiar: (*artigo 10 do RD 471/2021 de 29 de xuño*):

No curso 2021-22 aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

a) O 50 % dos ingresos aportados por calquera membro computable da familia distinto dos sustentadores principais.

b) 525 euros por cada irmán/irmá que sexa membro computable e conviva no domicilio familiar, incluído o solicitante, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 800 euros para familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a

este beneficio. Cando sexa o propio/a solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de até 2000€ na convocatoria de axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- c) 1811 euros por cada irmán/irmá ou fillo/a do/a solicitante ou o/a propio/a solicitante que presente discapacidade legalmente recoñecida de grao igual ou superior ao 33 %; ou 2881 euros cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65 %. Esta dedución será de 4000 euros polo solicitante e outro tanto por cada un dos seus irmáns con discapacidade legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33 % na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- d) 1176 euros por cada irmán do solicitante menor de 25 anos ou o propio solicitante que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.
- e) O 20 % da renda familiar cando o solicitante sexa orfo absoluto e menor de 25 anos.
- f) 500 euros por pertencer a persoa solicitante a unha familia monoparental

Outros límites indicativos (artigo 11 do RD 471/2021 de 29 de xuño):

1. Independentemente de cal sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos apartados anteriores, denegarase a solicitude da axuda ao transporte para o curso 2021-22, cando se superen os límites indicativos de patrimonio familiar que se fixan a continuación:

a) A suma dos valores catastrais das fincas urbanas que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42 900 euros. No caso de inmobles nos que a data de efecto da última revisión catastral estivera comprendida entre o 1/01/1990 e o 31/12/2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da mencionada revisión fose posterior ao 31/12/2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

Por 0,43 os revisados en 2003
Por 0,37 os revisados en 2004
Por 0,30 os revisados en 2005
Por 0,26 os revisados en 2006
Por 0,25 os revisados en 2007
Por 0,25 os revisados en 2008
Por 0,26 os revisados en 2009
Por 0,28 os revisados en 2010
Por 0,30 os revisados en 2011
Por 0,32 os revisados en 2012
Por 0,34 os revisados en 2013
Por 0,36 os revisados entre 2014 e 2020, ambos inclusive

Nos inmobles situados na Comunidade Foral de Navarra o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais das construcións situadas en fincas rústicas, excluído o valor catastral da construción que constituía a vivenda habitual da familia non poderá superar os 42 900 €, a que se lle aplicarán os coeficientes multiplicadores en función do ano en que se efectuara a última revisión catastral que se establece no apartado anterior.

c) A suma dos valores catastrais das fincas rústicas excluídos os valores catastrais das construcións que pertencen aos membros computables da familia non poderá superar 13 130 € por cada membro computable.

d) A suma dos rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de todas as ganancias e perdas patrimoniais pertencentes aos membros computables da familia non poderá superar os 1700 euros.

Non se incluírán nesta suma as subvencións recibidas para adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, a renda básica de emancipación, nin o importe dos premios en metálico ou en especie obtidos pola participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias inferiores a 1500 euros. As ganancias patrimoniais derivadas dos mencionados premios computaranse segundo a normativa do IRPF.

O valor destes elementos indicativos de patrimonio determinarase de conformidade co disposto na normativa estatal do IRPF polos seu valor a 31/12/2020.

2. Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos nos apartados anteriores de que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe do valor de cada elemento respecto ao límite correspondente. Denegarase a axuda para transporte cando a suma das referidas porcentaxes supere o valor cen.

3. Tamén se denegará a axuda ao transporte cando se comprobe que a suma dos ingresos que se indican a continuación obtida polos membros computables da familia supere a cantidade de 155 500 euros:

a) Ingresos procedentes de actividades económicas en estimación directa ou en estimación obxectiva.

b) Ingresos procedentes dunha participación dos membros computables igual ou superior ao 50 % en actividades económicas desenvolvidas a través de entidades sen personalidade xurídica ou calquera outra clase de entidade xurídica, unha vez aplicado aos ingresos totais das actividades a porcentaxe de participación nas mesmas.

4. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase o 50 % do valor dos que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

MEMBROS COMPUTABLES

1. Para o cálculo da renda familiar para os efectos desta convocatoria, serán membros computables os pais ou, de ser o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, quen terán a consideración de sustentadores principais da familia.

Tamén serán membros computables o solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31/12/2020 ou, os de maior idade cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial; así como os/as ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

No caso de **solicitantes que constitúan unidades familiares independentes**, deberán acreditar documentalmente esta circunstancia. Que conta cos medios económicos propios suficientes que lle permitan a súa independencia así como a titularidade ou alugueiro do seu domicilio habitual, e que non pertenza a ningún familiar ata o 4º grao de consanguinidade ou 2º de afinidade.

Consideraranse membros computables e sustentadores principais o solicitante e o seu cónxuxe, a súa parella, rexistrada ou non, a quen estea unida por análoga relación. Tamén serán membros computables os fillos, se os houber, e que convivan no mesmo domicilio.

A **independencia familiar** acredítase mediante un padrón distinto aos dos proxenitores. Para determinar os medios económicos utilízase como referencia o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) que anualmente aproba o Goberno. Para telo en conta, deberá cumprir cando menos estes requisitos:

- a) Demostre a titularidade ou o alugueiro do seu domicilio e que non pertenza a ningún familiar ata o 4º grao de consanguinidade ou 2º de afinidade
- b) Que leve empadroadado nese domicilio cando menos todo o ano 2020.
- c) Tivera, como mínimo, os ingresos anuais por renda no ano 2020 que marca o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples).

2. No caso de divorcio ou separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante da axuda. Non obstante, no seu caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe, parella, rexistrada ou non, ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

Ademais terá a consideración de membro computable a persoa con ingresos propios, que, na referida data conviva no domicilio co solicitante cando non medie relación de parentesco e non se poida xustificar un aluguer de piso compartido.

Cando o réxime de custodia dos fillos sexa o de **custodia compartida**, consideraranse membros computables o pai e a nai do/a solicitante, os fillos comúns e os ascendentes do pai ou da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

3. Nos supostos en que o/a solicitante da axuda ao transporte sexa un/unha menor en situación de acollemento, seralle de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar para estes efectos, sempre e cando de feito non subsistan as circunstancias de integración coa familia de acollida e así se acredite debidamente.

A Universidade da Coruña (UDC) poderá denegar esta axuda ou revogala no caso de que se aprecien ou detectaren unidades familiares que xustifiquen uns ingresos que obxectivamente están por debaixo do nivel de gastos, se non acrediten os medios de vida cos que contan.

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA ENVIAR A TRAVÉS DA APLICACIÓN INFORMÁTICA

A documentación ten que estar en galego/español e, se procede, con tradución legalizada.

BLOQUE 1:

1. Documentación:

Todo o alumando solicitante da axuda ao transporte do BLOQUE 1, debe enviar obrigatoriamente a través da aplicación:

- Padrón municipal vixente da unidade familiar ou contrato de aluguer
- No caso de alumnado bolseiro do Ministerio de Educación que cursara en 2020-21: bacharelato, ciclos formativos de graos superiores, probas maiores 25 anos, debe incluír, ademais, a credencial ou a resolución de concesión da bolsa.
- A solicitude escaneada/dixitalizada coa sinatura orixinal do solicitante.

BLOQUE 2:

Todo o alumnado solicitante da axuda ao transporte do BLOQUE 2, debe enviar obrigatoriamente a través da aplicación a seguinte documentación, xeral e económica:

1. Documentación xeral:

- Fotocopia do DNI do solicitante e dos membros da unidade familiar.
- Padrón municipal cos datos da unidade familiar a 31/12/2020
- Solicitude da axuda escaneada/dixitalizada e coas sinaturas orixinais do solicitante e dos membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos

2. Documentación económica:

A UDC cruzará datos coa AEAT de todos os membros computables da unidade familiar.

No caso de non ter a obriga de presentar a declaración da renda, e non haxa datos de imputación na AEAT deberá achegar, segundo sexa o caso, documentación pola que se xustifiquen os ingresos:

- Certificado de imputación de renda expedido pola organismo similar a Axencia Tributaria correspondente ao exercicio 2020, no caso de teren ingresos no estranxeiro
- Certificado expedido pola Seguridade Social dos períodos de cotización e certificados de haberes e retencións destes.
- Certificado de prestación e subsidios de desemprego.
- Documento da/s entidade/s bancarias en que consten os rendementos de capital mobiliario e ganancias e perdas patrimoniais percibidas durante o ano 2020.
- No caso de seren pensionistas copia do xustificante anual da pensión ou pensións.
- Fotocopias dos recibos da contribución urbana e rústica do exercicio 2020, excluída a vivenda habitual, de non ter datos no Catastro

De ser o caso deberán achegar tamén:

- Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador
- Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades así como o resumo anual dos impostos sobre o valor engadido (IVE).
- Xustificación da situación que dá dereito a algunha das deducións establecidas nesta convocatoria.

A UDC poderá, en calquera momento do desenvolvemento desta convocatoria, requirirllas ás persoas solicitantes que acheguen ao Servizo de Estudantes a documentación orixinal alegada na súa solicitude.